



www.cigtelefonica.com

Sección Sindical Telefónica – Pontevedra

Teléfono 986264949

Correo electrónico: pontevedra@cigtelefonica.com

O 26 PARAMOS... AS PRETENSÍONS DA EMPRESA

O día 19, cumpriuse a cuarta xornada de folga convocada pola CIG ,e o resto de sindicatos da Coordinadora de Burgos, na defensa dos dereitos históricos acadados polos traballador@s de Telefónica. Dereitos que están a sufrir o ataque frontal da empresa.

O deterioro continuo das nosas condicións de traballo rematan nunha intención clara da empresa da destrución do modelo actual de relacións laborais imitando o resto de empresas do sector (ós contratos precarios, funcionalidade extrema , salarios máis baixos, etc.) .

Como nos temos enfrontado @s traballador@s a esta agresión? :

A CIG ten claro , que a mobilización d@s traballador@s esta sendo a única formula para conseguir as nosas reivindicacións e parar as intencións da empresa neste proceso de negociación colectiva. Sen embargo **hai forzas sindicais que están dispostas a negociar a implantación do novo modelo de clasificación profesional fora do ámbito da mesa de negociación colectiva** deixando de lado as nosas reivindicacións ou **aceptando como moeda de cambio prestacións que xa tiñamos** (días adicionais, plus produtividade, etc.)

Dende a CIG dicimos , que as melloras que debера reportar o convenio en consonancia coas ganancias da empresa deberan reflectirse nunha mellora das condicións laborais actuais e en un aumento do noso poder adquisitivo real. Este debера ser o obxectivo irrenunciable da nosa representación, xa que así o reflecte a plataforma conxunta do c.i.

Polo tanto ,**a CIG entende , que non aí razóns para parar as mobilizacións** e convoca a tod@s @s traballador@s a un paro o xoves 26 de xuño nas mesmas condicións que os anteriores.

- Pola retirada do modelo de clasificación profesional.
- Pola mellora das condicións de traballo
- Por que ninguén pode arrogarse a facultade de cambiar o noso contrato de traballo sen o noso consentimento.

MAIS QUE NUNCA...MOBILIZATE
Paramos o Xoves, 26 de Xuño.